

BANDO

**EVA MARÍA PÉREZ GAMOTE, ALCALDESA - PRESIDENTA
DO CONCELLO DE VILARDEVÓS,**

FAGO SABER:

Que, ao abeiro da Lei 9/2007, de prevención de lumes forestais de Galicia, estamos na obriga de manter limpas a nosas fincas e de retirar as especies arbóreas e arbustivas prohibidas dentro dos núcleos de poboación, antes de 31 de maio de 2024.

Que, en virtude do convenio entre a XUNTA DE GALICIA, a FEGAMP E SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa (*limpar as fincas arredor de todos os pobos*), nos vindeiros días as persoas propietarias recibirán cartas notificadas, nas que se informará a maneira a proceder.

Que, a maiores, as seguintes parroquias: Terroso, Osoño e Vilardecervos, as cales foron seleccionadas no seu día (no ano 2021) para ser xestionadas pola empresa SEAGA a través dun convenio. Devandita empresa porase en contacto coas persoas titulares dos contratos para verificar se queren continuar con ese contrato para este ano 2024 ou prefiren xestionar a limpeza das súas parcelas pola súa conta.

Vilardevós, 8 de abril de 2024



